

## **LEONEL G. LABORDE**

Licenciado en Dirección Escénica pola Universidade Estatal de Cultura e Arte de Moscova, Rusia. Onde, ademais, recibe o Grao de "Master of Arts" en Educación.

Formouse en Danza Contemporánea na Escola Provincial de Arte de Santiago de Cuba. Tomou clase de danza contemporánea con Hisako Horikawa, Gloria García, Francesc Bravo, Chevi Muraday. Danza- Jazz en Estudio 41, Vigo con Lida del Rio. Danza para actores con Arnold Tarraborelli. "Dramaturxia do silencio, dramaturxia para danza" por Roberto Fratini. Adestramento do actor: Método Suzuki con Kamerón Stele. Traballo gestual con Sandro Dieli. "Os puntos de vista escénico" por Abraham Celaya.

Tamén se formou con Andrés Lima, Ana Vallés, Eduardo Vasco, Paco Azorín, Baltasar Patiño, Miguel Angel Camacho, José Manuel Garrido, Hector Carré, Juan Mayorga, Manuel Lourenzo, José Luís Raymond.

Foi profesor de danza contemporánea no Conservatorio Coppelia de Música e Danza de Vigo; Dirección de Escena, de Actores e Interpretación na Escola Superior de Artes Cinematográficas de Galicia (E.G.A.C.I.). Imparte clases de Interpretación e Expresión corporal na Escola Municipal de Teatro de Vigo, desde a súa creación en 1999 ata a actualidade. Exerceu a Dirección escénica en varias montaxes de Teatro Aforo, así como en todos os espazos docentes onde impartiu.